


REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

Nº 72 – SERVIZOS COMPLEMENTARIOS



Editorial

O fermoso exercicio da actividade política

O tema: Servizos complementarios

Algunhas notas sobre o percorrido normativo e estatístico dos servizos complementarios no ámbito educativo galego

Emilio Xosé Insua

(*IES A Basella – Vilanova de Arousa / Delegado sindical de STEG*)

Os servizos complementarios do ensino noutras Comunidades Autónomas: un breve cuestionario e tres respostas

Equipo Anxuela

(*IES A Basella – Vilanova de Arousa / IES de Cambre*)

Algunhas propostas para mellorar os servizos de comedor e transporte nas escolas do rural

Pedro Rodríguez López

(*CEIP de Samos*)

Que fago co meu fillo? Debate arredor dos servizos complementarios de educación e dos programas de conciliación municipal de Ames (A Coruña)

David Santomil Mosquera

(*Concello de Ames*)

Máis alá do bocata. A función educativa das cafeterías dos centros escolares

Colectivo Pedagóxico *Resistencia*

Alimentación e nutrición nos comedores escolares

Rosaura Leis Trabazo

(*Hospital Clínico Universitario / Universidade de Santiago*)

Transporte escolar en Galiza. Outra oportunidade perdida

Diego Boquete Sánchez

(*CIG - Ensino*)

Conciliar en Galiza. Quen concilia e quen o paga

Fernando Lacaci Batres

(*Confederación ANPAS GALEGAS*)

Para sabermos algo máis...

Emilio Xosé Insua

(*Coordinador do monográfico*)

A entrevista

Que opinan os docentes, o alumnado e as familias sobre os materiais didácticos dixitais (MMD)? Entrevista a Quintín Álvarez, Fátima M^a Castro e José Peirats

Manuel Area Moreira

(*Universidade de La Laguna*)

A lingua

Adquisición e uso en contexto do léxico da lingua galega no alumnado castelanfalante

Silvia Raña Pazos

(*Universidade da Coruña*)

Experiencias

Iconografía de xénero nos váteres

Equipo de Investigación

(*IES Pedra da Auga - Ponteareas*)

A vida no acuario

Sonia Sánchez Guerra

(*CEIP da Serra de Outes*)

Pensar o ensino

A verdade sobre o nivel da educación e dos estudantes

Miguel Vázquez Freire

(*Nova Escola Galega*)

As outras escolas

A "Aula Geolóxica" de Robles de Laciana

José Francisco Fernández Gatón

(*Responsable da "Aula Geolóxica" de Robles de Laciana – León*)

Investigación	Unha mirada ao desenvolvemento condutual e psicosocial dos/as preescolares galegos: o Proxecto ELISA Marcos Orejas Beatriz Domínguez - Álvarez Aimé Isdahl-Troye Paula Villar (Grupo UNDERISK – Universidade de Santiago)
Educación social e escola	Educadores sociais nas escolas? Unha revisión bibliográfica Ana M. Amigo-Ventureira (Universidade de Santiago)
Xoguetainas e brinquetainas	Os encontros escolares de xogos tradicionais Xosé Manuel Barreiro Insua (Brinquedia, Rede galega do xogo tradicional)
Recursos do contorno	Museos e Centros de Interpretación ao servizo das escolas nas beiras do Miño Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez (Universidade da Coruña)
Panoraula	Actualidade do mundo da educación Antón Costa Rico Xosé Ramos Rodríguez (Nova Escola Galega)
Panoraula dixital	A actualidade educativa na Rede Denébola Álvarez-Seoane Ana Rodríguez-Groba (Grupo de investigación Stellae – Universidade de Santiago)
Recensións	De Defoe a Tournier ou de Robinson a Verne. Un mito literario da modernidade Miguel Vázquez Freire (Nova Escola Galega) O arte e a súa historia (Antía Cal, Antón Beiras) e O libro dos nenos (Antía Cal) Pilar Sampedro (Nova Escola Galega)
DoCentes	Páxina de humor Xosé Tomás

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN Nº 72 – SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Avance do núm. 73: Teatro nas aulas (título provisional)

Lonxe de tratarse dunha actividade paralela ás aulas sen máis, as experiencias co teatro nos centros educativos galegos convertéronse nos últimos anos nunha ferramenta educativa de primeira orde. En efecto, non se trata xa só de procurar a partir das experiencias teatrais obxectivos estritamente didácticos, senón de concibir estratexias de traballo –con todo o dramático– que poidan ter unha incidencia directa na autonomía dos propios alumnos e alumnas, así como na súa capacidade para se integraren en proxectos colectivos que procuren a súa formación como persoas, entendida esta no seu sentido máis pleno.

S E R V

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte e comedor escolar son dous servizos educativos chamados complementarios, isto é, destinados a contribuír á mellora da calidade do ensino acompañando as realizacións estritamente pedagóxicas. A súa oferta por parte das Administracións resulta fundamental para garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación e incide de xeito notorio en aspectos moi diversos como a conciliación da vida laboral e familiar, a prevención do absentismo e do abandono escolar, a posibilidade de ofertar e/ou acceder a determinadas actividades extraescolares, a educación nutricional e para a saúde do alumnado, ou o desenvolvemento de determinadas habilidades convivenciais e cívico-sociais.

Desde outra perspectiva, a súa implementación torna unha miga máis complexa aínda, se couber, a xestión técnica, económica e administrativa de moitos centros por parte dos equipos directivos e doutro persoal colaborador, implica axentes externos de moi diversa índole e repercute directamente nos horarios e nos cometidos do propio profesorado, condicionando aspectos esenciais como as horas de entrada e saída do centro, as gardas para a custodia do alumnado etc.

Neste monográfico ofrecemos, en primeiro termo, dous traballos sobre a situación xeral destes servizos, quer no noso ámbito específico (procurando unha visión diacrónica), quer nalgúns outros territorios como Castela e León, País Vasco e Valencia (atendendo neste caso máis á sincronía), coa intención de poñer sobre o taboleiro, partindo da súa complexidade inherente, as coincidencias e as diferenzas na abordaxe lexislativa e na xestión deses dous servizos durante os últimos lustros.

A seguir, centramos o foco na xestión concreta dos dous servizos, con dúas experiencias marcadamente distintas, en función do seu ámbito xeográfico respectivo: a do colexio de Samos, na ruralía luguesa, e a da rede municipal sostida polo concello de Ames, no espazo periurbano da capital galega. Desde unha perspectiva complementaria achegámonos asemade aos criterios que deberían rexer a oferta de produtos alimentarios e o enfoque nutricional dos comedores escolares, para atender logo á preocupante deriva normativa, en sentido centralizador, externalizador e oligopólico, que ameaza o sistema de xestión da cantinas ou cafetarías dos centros escolares.

A abordaxe das diversas problemáticas do transporte escolar baixo a actual normativa que o rexe acompáñase noutro dos artigos do noso monográfico, asinado por un sindicalista, cunha batería de propostas de racionalización que deberían ser, como mínimo, obxecto de atento estudo por parte das autoridades educativas. A mesma lectura e interese demanda a achega que, desde "Anpas galegas", reivindica máis unha vez a gratuidade dos servizos complementarios e pon en destaque, como non podía ser doutro xeito, a súa especial relevancia para garantir unha efectiva conciliación da vida laboral, educativa e familiar nunha sociedade sempre cambiante e a cada máis diversa e complexa.

Finalmente, ofrecemos algunhas referencias bibliográficas que permitirán ás persoas interesadas profundar nas variadas perspectivas desde as que se pode abordar o servizo complementario escolar de comedor. ■

Emilio Xosé Ínsua López

Docente. IES A Basella, Vilanova de Arousa

Coordinador do Monográfico

COMPLEMENT



IZOS



ENTARIOS



Resumos

Resúmenes

Abstracts

ALGUNHAS NOTAS SOBRE O PERCORRIDO NORMATIVO E ESTATÍSTICO DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO ÁMBITO EDUCATIVO GALEGO

Emilio Xosé Ínsua

Transporte escolar, comedor escolar, lexislación educativa, datos estadísticos

Transporte escolar, comedor escolar, lexislación educativa, datos estadísticos

School transport, school canteen, educational legislation, statistical data

Os servizos complementarios de comedor e transporte non tiveron sempre nin a mesma dimensión cuantitativa, nin a mesma atención cualitativa nin o mesmo tratamento lexislativo. No artigo ofrécense datos sobre a evolución normativa e estatística destes dous servizos no ámbito educativo galego, na procura dunha diacronía que axude a avaliar criticamente a situación presente e a encontrar alternativas para a súa mellora.

Los servicios complementarios de comedor y transporte no tuvieron siempre ni la misma dimensión cuantitativa, ni la misma atención cualitativa ni el mismo tratamiento legislativo. En el artículo se ofrecen datos sobre la evolución normativa y estadística de estos dos servicios en el ámbito educativo gallego, buscando una diacronía que ayude a evaluar críticamente la situación presente y a encontrar alternativas para mejorarla.

The complementary services of canteen and transport did not always have the same quantitative dimension, nor the same qualitative attention neither the same legislative treatment. The article offers data on the normative and statistical progress of these two services in the Galician educational scope, looking for a diachrony that helps to critically evaluate the current situation and to find alternatives to improve it.

OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO ENSINO NOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS: UN BREVE CUESTIONARIO E TRES RESPPOSTAS

Equipo Anxuela

Transporte escolar, comedor escolar, lexislación educativa, datos estadísticos, Castela e León, Euzkadi

Transporte escolar, comedor escolar, lexislación educativa, Valencia, Castilla y León, País Vasco

School transport, school canteen, educational legislation, Valencia, Castilla y León, País Vasco

Dáse resposta por parte de tres persoas con responsabilidades nas súas respectivas administracións educativas a un breve cuestionario relativo ao marco normativo, condicións de prestación e avaliación xeral dos servizos de transporte e comedor escolar nas comunidades de Castela e León, País Vasco e Valencia, como xeito de facilitar o contraste e a reflexión a respecto da situación correspondente na nosa propia comunidade.

Tres personas con responsabilidades en sus respectivas administraciones educativas dan respuesta a un breve cuestionario que hace referencia al marco normativo, a las condiciones de prestación y a la evaluación general de los servicios de transporte y comedor escolar en las comunidades de Castilla y León, País Vasco y Valencia, como forma de facilitar el contraste y la reflexión sobre la situación correspondiente en nuestra propia comunidad.

Three people with responsibilities in their own educational administrations respond to a brief questionnaire which refers to the regulatory framework, to the conditions of benefit and to the general evaluation of trans-

port services and school canteen in the communities of Castilla y León, País Vasco and Valencia, as a way to ease the contrast and reflection on the corresponding situation in our own community.

ALGUNHAS PROPOSTAS PARA MELLORAR OS SERVIZOS DE COMEDOR E TRANSPORTE NAS ESCOLAS DO RURAL

Pedro Rodríguez López

Transporte escolar, comedor escolar, lexislación educativa, medio rural

Transporte escolar, comedor escolar, lexislación educativa, medio rural

School transport, school canteen, educational legislation, rural environment

Partindo da base de que a Administración educativa non está a atender debidamente a oferta dos servizos de comedor e transporte escolar no medio rural galego, postúlanse toda unha serie de medidas concretas e específicas para a mellora desa xestión, establecendo como requisitos previos a gratuidade efectiva e o ter en conta sempre a opinión das comunidades educativas afectadas.

Partiendo de la base de que la Administración educativa no está atendiendo en la debida forma la oferta de los servicios de comedor y transporte escolar en el medio rural gallego, se postulan toda una serie de medidas concretas y específicas para el mejoramiento de esa gestión, estableciendo como requisitos previos la gratuidad efectiva y tener en cuenta siempre la opinión de las comunidades educativas afectadas.

On the basis that the educational Administration is not taking care in a proper way the supply of school canteen and transport services in the Galician rural environment, a wide list of particular and specific measures are suggested for the improvement of this management, establishing as a prerequisite, effective free and always take into account the opinion of the affected educational communities.

QUE FAGO CO MEU FILLO? DEBATE ARREDOR DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN E DOS PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL DE AMES (A CORUÑA)

David Santomil Mosquera

Transporte escolar, comedor escolar, conciliación, redes municipais

Transporte escolar, comedor escolar, conciliación, redes municipais

School transport, school canteen, work-life balance, city networks

O autor explica as particularidades do concello de Ames no ámbito educativo e presenta a intervención que no mesmo se vén realizando nos últimos tempos desde a instancia municipal, non exenta de problemas competenciais e de xestión. Esa intervención plásmase, entre outros servizos, nunha Rede Municipal de Comedores Escolares con Cociña Central e en diversos programas para axudar á conciliación da vida laboral e familiar.

El autor explica las particularidades del municipio de Ames en el ámbito educativo y presenta la intervención que se ha venido realizando en el mismo en los últimos tiempos desde la instancia municipal, que no ha estado exenta de problemas competenciales y de gestión. Esa intervención se plasma, entre otros servicios, en una Red Municipal de Comedores Escolares con Cocina Central y en diversos programas para ayudar a la conciliación de la vida laboral y familiar.

The author explains the particularities of Ames' municipality in the educational field and introduce the intervention that has been carried out there during the last times from the municipal body, which has not been free of competence and management problems. This intervention is reflected, among other services, in a Municipal School Lunchroom Network with central kitchen and in several programs in order to support the work-life balance.

MÁIS ALÁ DO BOCATA. A FUNCIÓN EDUCATIVA DAS CAFETERÍAS DOS CENTROS ESCOLARES

Colectivo pedagógico Resistencia

Nutrición, cafeterías escolares, convivencia, xestión pública

Nutrición, cafeterías escolares, convivencia, gestión pública

Nutrition, schools canteens, coexistence, public management

As cafeterías escolares, na visión do autor, constitúen un espazo moi relevante para a convivencia nos centros e desempeñan funcións non unicamente hostaleiras. Denúnciase a concepción limitada que a Administración ten delas e analízanse de xeito crítico as mudanzas que se teñen producido nos últimos tempos no seu sistema de xestión, na medida en que tenden a asentar un modelo de convocatorias anuais, externas e centralizadas, onde a intervención e opinión dos propios centros, por medio dos seus consellos escolares, parece condenada a desaparecer.

Las cafeterías escolares, en la visión del autor, constituyen un espacio muy relevante para la convivencia en los centros y desempeñan funciones no únicamente hosteleras. Se denuncia la concepción limitada que la Administración tiene de ellas y se analizan de modo crítico los cambios que se han producido en los últimos tiempos en su sistema de gestión, desde el punto y hora en que tienden a asentar un modelo de convocatorias anuales, externas y centralizadas en el que la intervención y opinión de los propios centros, por medio de sus consejos escolares, parece condenada a desaparecer.

The school canteens, from the point of view of the author, mean a very relevant space for coexistence within the schools and perform not just functions as hotels. The limited conception that the Administration has of them is informed against and the changes that have taken place in recent times in their management system are analyzed in a critical way, from the point and time in which they trend to establish a model of annual, external and centralized calls in which the intervention and opinion from the schools, through their school councils, seems to be doomed to disappear.

ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN NOS COMEDORES ESCOLARES

Rosaura Leis Trabazo

Nutrición, comedor escolar, educación familiar, educación sanitaria

Nutrición, comedor escolar, educación familiar, educación sanitaria

Nutrition, school canteen, family education, health education

Os comedores escolares deben ser unha área de educación para a saúde nutricional do neno e de toda a familia. Os retos actuais dos comedores escolares pasan por ofrecer unha alimentación de calidade, equilibrada e variada para os nenos fronte á dieta da opulencia imperante na que as demandas dietéticas están máis relacionadas coas características organolépticas e os valores sociais que coa súa calidade nutricional.

Los comedores escolares deben constituir un área de educación para la salud nutricional del niño y de toda la familia. Los retos actuales de los comedores escolares pasan por ofrecer una alimentación de calidad, equilibrada y variada para los niños frente a la dieta de la opulencia imperante, en la que las demandas dietéticas están más relacionados con las características organolépticas y los valores sociales que con su calidad nutricional.

The school canteens should be an area of education for the nutritional health of the child and the whole family. The current challenges of school canteens involve offering a quality, balanced and varied diet for children against the prevailing opulence diet in which dietary demands are more related to organoleptic characteristics and social values than to their nutritional quality.

TRANSPORTE ESCOLAR EN GALIZA. OUTRA OPORTUNIDADE PERDIDA

Diego Boquete Sánchez

Transporte escolar, lexislación educativa, empresas de transporte

Transporte escolar, legislación educativa, empresas de transporte

School transport, educational legislation, transport companies

○ autor desenvolve unha visión crítica co actual marco normativo e coas condicións xerais de prestación do ser-

vizo de transporte escolar na Galiza, subliñando aspectos ao seu ver inaceptábeis como a supeditación dos horarios dos centros educativos ás conveniencias das empresas de transporte, a precariedade laboral das persoas acompañantes, a excesiva duración dalgúns itinerarios e a improcedencia de poñer en mans da Consellaría de Infraestruturas, en vez de na de Educación, as competencias nesta materia. Finalmente, reclama a elaboración dunha lei do transporte escolar na Galiza, co seu correspondente plan de racionalización dese servizo.

El autor expone una visión crítica del actual marco normativo y de las condiciones generales de prestación del servicio de transporte escolar en Galicia, subrayando aspectos inaceptables, en su opinión, como la supeditación de horarios de los centros educativos a las conveniencias de las empresas de transporte, la precariedad laboral de las personas acompañantes, la excesiva duración de algunos itinerarios y la improcedencia de poner en manos de la Consellería de Infraestructuras, y no en la de Educación, las competencias en esta materia. Finalmente, reclama la elaboración de una ley de transporte escolar en Galicia, con su correspondiente plan de racionalización de ese servicio.

The author states a critical view of the current regulatory framework and on the general terms of school transport service provision in Galicia, highlighting not acceptable aspects, in his opinion, such as the subordination of educational centers schedules to the interests of transport companies, the job insecurity of the accompanying people, the wide duration of some itineraries and the inadmissibility of concerning the Department of Infrastructures, instead of the Education, the competencies in this matter. Finally, the development of a school transport law in Galicia, with its subsequent plan of rationalization of that service is demanded.

CONCILIAR EN GALIZA. QUEN CONCILIA E QUEN O PAGA

Fernando Lacaci Batres

Servizos complementarios, conciliación, privatización, atención á infancia

Servicios complementarios, conciliación, privatización, atención a la infancia

Additional services, work-life balance, privatization, attention to childhood

O autor reflexiona sobre a propia idea de "conciliación" e apunta algúns dos factores que están na base do espectacular incremento desta necesidade na sociedade actual. Do mesmo xeito, chama a atención para o esaxerado desfase que existe entre a demanda de conciliación por parte das familias e a pírrica oferta pública de servizos para

satisfacela, o que provoca a proliferación de alternativas de carácter privado que incrementan a desigualdade social á hora de acceder a eses imprescindíbeis servizos. Por último, reclama políticas de atención á infancia, garantindo servizos universais públicos e gratuitos que posibiliten unha mínima adaptación dos horarios laborais, educativos e familiares.

El autor reflexiona sobre la propia idea de "conciliación" y apunta algunos de los factores que están en la base del espectacular incremento de esta necesidad en la sociedad actual. Del mismo modo, llama la atención sobre el exagerado desfase que existe entre la demanda de conciliación por parte de las familias y la pírrica oferta pública de servicios para satisfacerla, lo que provoca la proliferación de alternativas de carácter privado que incrementan la desigualdad social a la hora de acceder a esos imprescindibles servicios. Por último, reclama políticas de atención a la infancia, garantizando servicios universales públicos y gratuitos que posibiliten una mínima adaptación de los horarios laborales, educativos y familiares.

The author reflects on the own idea of "work-life balance" and points out some of the factors that are on the base of such awesome increase of this need in today's society. Similarly, it draws attention to the widespread gap that exists between the demand of work-life balance by the families and the public offer of services to satisfy it, which causes the spread of private alternatives that increase social inequality when access to those essential services. Last but not least, he claims child care policies, guaranteeing universal public and free services that allow a minimum adaptation of work, educational and family schedules.